

ACTIVIDADES REPASO BIOLOGÍA E XEOLOXÍA. PENDENTES 3º ESO. CURSO 2020 - 2021.

As actividades do primeiro parcial entregaranse **OBRIGATORIAMENTE** o día de realización do mesmo. As actividades do segundo parcial entregaranse **OBRIGATORIAMENTE** na data correspondente ao segundo parcial. A proba constará de preguntas moi similares.

PRIMEIRO PARCIAL.

1. Ordena os seguintes compoñentes dos seres vivos por orde crecente de complexidade.

Estómago

Tecido muscular



Calcio

Proteína


Aparato circulatorio

Mitocondria.

2. Nas seguintes células:



- a. Pon nome aos orgánulos sinalados e indica se se trata dunha célula procariota ou eucariota e neste caso animal e vexetal, razoando a resposta.
 - b. Indica a función dos orgánulos representados.
3. Debuxa unha célula procariota cos seus orgánulos. En que se diferencia das eucariotas? Que organismos teñen células procariotas?
 4. Identifica os tecidos das imaxes seguintes e indica cal é a súa función.



A: sosbiologiaceelularytisular.blogspot.com; B: mmegiaswebs.uvigo.es; C: www.joaquinrodriguezplaya.es; D: blogiaanwalsh.blogspot.com

SEGUNDO PARCIAL.

1. Relaciona cada tipo de enfermidade co exemplo:

Enfermidades metabólicas	Depresión
Enfermidades dexenerativas	Gripe
Enfermidades conxénitas	Enfermidade de Parkinson
Enfermidades mentais	Diabetes
Enfermidades infecciosas	Hemofilia

2. Define:

- Antíxeno.
- Anticorpo.
- Enfermidade infecciosa.
- Signo.

3. Define inmunidade, explica a diferenza entre inmunidade natural e artificial e entre inmunidade activa e pasiva e completa a seguinte táboa:

	Activa / Pasiva	Memoria inmunolóxica (si / non)	Temporal / Permanente	Equivalente natural
Vacunación				
Soroterapia				

4. Unha persoa ten grupo sanguíneo AB -.

- A que grupos sanguíneos podería doarlle sangue esta persoa? Razona a resposta.
- De que grupos sanguíneos podería recibir sangue? Razona a resposta.
- Por que o grupo 0 – é o doante universal? Cal é o receptor universal? Por que?